

**CONCURSO DE MICRORRELATOS *Amor, ou non, en 100 palabras***

**IES XOSÉ NEIRA VILAS (Oleiros), febreiro 2011**

**Club de Lectura e Equipo de Dinamización da Lingua Galega**

**Mención especial do xurado: accésit 1**

**Que grande sentimento!**

Dende que somos pequerrechos andamos na procura do amor. Quizais non nos damos conta de que o temos ao noso carón e andamos a buscalo tan insistentemente que rematamos derreados.

Ás veces, aparece cando menos o desexamos, pero fainos sentir tan ben que non queremos afastalo das nosas vidas.

Por amor, derrámanse bágoas, xorden os máis belos sorrisos, esquecemos as penas, vemos o mundo de cor rosa e sentímonos eternamente felices.

Grazas ao amor, aprendemos a valorar todo o que nos rodea porque non sabemos o que temos ata que o perdemos.

Quero pasar todas a miña vida namorada!

A abelaíña dourada

Autora: Yéssica Barreiro García, 2ºESO A